

DILIXENCIA PARA FACER CONSTAR:

Que se advertiu a existencia dun erro material na cláusula décimo terceira (Vixencia) do texto do **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E A FUNDACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A CREACIÓN DAS RUTAS DO MAR: O PATRIMONIO MARÍTIMO DO CAMIÑO INGLÉS A SANTIAGO**, asinado dixitalmente polas partes o 19 de xuño de 2026.

Por iso, de conformidade co disposto no apartado 2 do artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que establece que *"As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos"*, procédese, mediante a presente dilixencia, a rectificar o dito erro, de forma que:

Onde di:

"O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025."

Debe dicir:

"O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026."

O director de Turismo de Galicia

José Manuel Merelles Remy

